

Extratexias de mellora da Formación Profesional en España

Susana Agra Rama

Asesora de FP

Centro de Formación e Recursos da Coruña España
Página 1

Indice

1. A nova formación profesional.....	3
2. Acceso á titulacións universitarias dende a FP.....	4
3. Adscrición dos títulos de FP ás ramas universitaria.....	5
4.Forum orienta Ensino superior.....	¡Error!
Marcador no definido.	
5.Estudo da inserción laboral dos titulados de FP que remataron estudos7.....	8
6.Novas estratexias: FP plus.....	9
7.A Formación permanente do profesorado.....	10

1. A nova Formación profesional

Por que falamos de novos títulos

O proceso de adaptación e cambio como consecuencia da implantación dunha nova lei educativa, a lei orgánica de educación (LOE, Lei 2/2006), leva consigo, entre outras cousas, modificación nos currículos dos títulos de Formación Profesional e a creación de novos títulos asociados a novas familias.

Que novidades hei atopar cos novos títulos

☐ **Maior empregabilidade**, ao ampliar a duración de todos os ciclos a 2.000 horas para lograr unha maior polivalencia laboral, ao tempo que se facilita a especialización.

☐ **Maior mobilidade profesional**, ao equiparar as titulacións coas do resto dos países da comunidade europea.

☐ **Mellora da inserción laboral**, ao dotar os ciclos formativos do certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico e do carné profesional, cando se requira na profesión.

☐ **Acceso a calquera estudo universitario** desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior.

☐ **Validación dos estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios** (segundo o caso validaranse de 60 a 120 ECTS).

Cando se producirán estes cambios

Actualmente dispomos de **142 títulos de formación profesional**, aos que se engadirán algúns de nova creación nos que se aplicarán estas novidades.

No presente curso escolar 2008–2009 implántanse 6 novos títulos:

☐ Técnico superior en educación infantil, da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

☐ Técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade, da familia profesional de química.

☐ Técnico en mecanizado, da familia profesional de fabricación mecánica.

☐ Técnico en emerxencias sanitarias, da familia profesional de

sanidade.

□ Técnico en panadaría, repostaría e confeitaría, da familia profesional de industrias alimentarias.

□ Técnico en cociña e gastronomía, da familia profesional de hostalaría e turismo.

2. Acceso a titulacións universitarias dende a FP

A necesidade de formación ao longo da vida esixe das administracións públicas e das institucións educativas en xeral o esforzo de ofrecer á cidadanía diversas opcións educativas para que, quen así o desexe, poida completar e actualizar a súa formación.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a incentivar a continuación de estudos universitarios das persoas tituladas en formación profesional de grao superior.

Con esta finalidade asinouse un novo convenio de colaboración coas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para continuar coa experiencia de validar créditos de titulacións universitarias con determinados estudos de formación profesional.

Por exemplo:

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Titulación de licenciatura en administración e dirección de empresas. Acceso directo dende os seguintes ciclos formativos superiores

Materias validadas: Libre configuración: 32 créditos.

CS Administración e finanza

CS Comercio internacional

CS Secretariado

CS Servizos ao consumidor

CS Xestión comercial e marketing

CS Xestión do transporte

Máis información:

<http://www.edu.xunta.es/fp/validacions.htm>

Adscrición dos títulos de técnicos de FP ás ramas universitarias

* *Novas familias profesionais*

FAMILIAS PORFESIONAIS	RAMA DO COÑECEMENTO
Artes gráficas. Artes e artesanías.* Comercio e marketing. Hostalaría e turismo. Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son. Servizos socioculturais e á comunidade	Artes e Humanidades
Agraria / Actividades agrarias. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica.	Ciencias

<p>Energía e auga.* Fabricación mecánica. Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son. Industrias extractivas.* Industrias alimentarias. Informática e comunicacións / Informática. Instalación e mantemento / Mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza / Madeira e moble. Marítimo-pesqueira / Actividades marítimopesqueira. Química. Sanidade. Transporte e mantemento de vehículos / Mantemento de vehículos autopropulsados. Téxtil, confección e pel. Vidro e cerámica</p>	
<p>Agraria / Actividades agrarias. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Química. Sanidade. Seguridade e medio ambiente.* Servizos socioculturais e á comunidade</p>	Ciencias da saúde
<p>Administración e xestión / Administración. Actividades físicas e deportivas. Artes gráficas. Comercio e márketing. Hostalaría e turismo. Imaxe persoal. Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son. Seguridade e medio ambiente.* Servizos socioculturais e á comunidade.</p>	Ciencias sociais e xurídicas
<p>Agraria / Actividades agrarias. Artes gráficas. Artes e artesanías.* Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Energía e auga.* Fabricación mecánica. Imaxe e son / Comunicación, imaxe e son. Industrias alimentarias. Industrias extractivas.* Informática e comunicacións / Informática. Instalación e mantemento / Mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza / Madeira e moble. Marítimo-pesqueira / Actividades marítimopesqueiras Química. Transporte e mantemento de vehículos / Mantemento de vehículos autopropulsados. Téxtil, confección e pel. Vidro e cerámica</p>	Enxeñería e arquitectura

3. FORUM ORIENTA ENSINO SUPERIOR

Cada ano celébrase nalgunha cidade da comunidade autónoma un acto de promoción, achegamento e difusión da oferta de ensino superior en Galicia para o alumnado de bacharelato e de formación profesional dos centros de educación secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

No curso 2009/10 celébrase en Expo Coruña na cidade da Coruña do 11 ao 14 de febreiro do 2009.

Obxetivos:

- Ofrecerlles aos visitantes toda a información sobre a oferta formativa do ensino superior (universidades, formación profesional e ensinanzas artísticas) na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informar e orientar de modo individual sobre as liñas de bolsas, axudas e premios ou residencias para o alumnado que accede á universidade, á formación profesional e ás ensinanzas artísticas.
- Difundir as posibilidades de estadias formativas no estranxeiro tanto na universidade como na formación profesional (Erasmus, Leonardo, Convocatoria autonómica de estadias de empresa do estranxeiro...).
- Informar sobre as novidades dos próximos títulos de formación profesional.
- Destacar as relacións formativas entre os ciclos de grao superior e a universidade (validacións de créditos formativos na universidade por ciclos de grao superior).
- Coñecer as ensinanzas máis demandadas polos sectores productivos de Galicia.
- Achegar información sobre o sistema de acceso á universidade.
- Achegar información sobre o sistema de acceso a ciclos formativos, ben de xeito directo ou ben mediante proba.
- Divulgar o papel das universidades e da formación profesional na promoción científica e tecnolóxica de Galicia.
- Dar a coñecer o protagonismo e as oportunidades dos titulados de formación profesional no mundo laboral, como emprendedores e como traballadores, que dan resposta ás novas demandas profesionais, enriquecendo o tecido produtivo de Galicia.

- Coñecer as posibilidades de formarse ao longo da vida (formación > emprego > formación)
- Informar sobre o Espazo Europeo de Educación Superior (Programas de Aprendizaxe Permanente).

Máis información:

<http://www.forumorienta.es/>

4. Estudo da inserción laboral dos titulados de FP que remataron estudos

Realizouse no ano 2006 na nosa comunidade un estudo da inserción laboral dos titulados de FP no curso 2003/04.

Os obxectivos deste estudo son fundamentalmente os seguintes:

- Coñecer as taxas de inserción laboral dos titulados e as tituladas de formación profesional en cada familia profesional.
- Obter información sobre a relación do posto de traballo co perfil profesional que se deriva de cada titulación.
- Analizar a vía ou as vías prioritarias a través das que as persoas tituladas conseguen o primeiro emprego.
- Analizar as taxas de colocación por sectores (sector público, empresa privada e auto-emplego).
- Coñecer o tempo que tarda o alumnado en atopar traballo unha vez finalizadas as ensinanzas de formación profesional.
- Analizar a localización do posto de traballo (en Galicia, no resto de España e no estranxeiro).
- Coñecer a porcentaxe de persoas tituladas que están noutras situacións (continuando estudos de formación profesional ou ensinanzas universitarias, buscando emprego, preparando oposicións, realizando cursos ou sen actividade).

Cómpre indicar que cando se fala de emprego se está a contabilizar soamente aquel que non sexa descontinuo nin ocasional, senón que se desenvolva durante polo menos un mes, e que a persoa titulada diga que ten intención de continuidade.

Máis información:

<http://www.edu.xunta.es/fp/orientacion/index.htm>

5. Novas estratexias: FP plus

É un proxecto innovador que pretende converter en realidade as ideas innovadoras e empresariais do alumnado de formación profesional



É un concurso que pretende premiar o mellor proxecto empresarial ou a mellor idea innovadora do alumnado de formación profesional.



É un programa que pretende darlle ao alumnado que curse ensinanzas de formación profesional unha cualificación práctica relacionada co proceso de creación de empresas mediante un seminario e un circuito de visitas guiadas



É un programa que pretende axudar o alumnado de formación profesional a crear a súa empresa desde os centros educativos a través dos seus viveiros de empresas



É un programa que pretende constituír unha empresa nun centro educativo.

6. A formación permanente do profesorado

Nunha economía mundial con mercados globalizados, a creación de emprego depende en gran medida da formación actualizada e permanente da poboación activa. Consciente desta necesidade, o tratado da Unión Europea compromete aos estados membros para a consecución dunha formación profesional, que permita aos traballadores unha alta cualificación e adaptabilidade para un mercado laboral cambiante.

Neste contexto, a Formación Profesional está obrigada a dar unha resposta rápida e flexible ás demandas de formación do mercado laboral. A formación permanente das persoas encargadas da formación é un dereito e unha obriga, así como unha responsabilidade das administracións educativas.

A formación continua do profesorado é un obxectivo estratéxico da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na nosa comunidade. O instrumento fundamental para conseguir estes obxectivos é o "Plan Anual de Formación do Profesorado de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais".

O plan de formación acomete diferentes liñas de actuación:

- Convocatorias de actividades formativas de tipo individual.
- Convocatoria de actividades de tipo colectivo para desenvolver nos propios centros educativos.
- Actividades de actualización científico-tecnolóxica e metodolóxica.
- Proxectos de investigación e innovación.
- Estadías en empresas.
- Programas europeos.

Mías información

<http://www.edu.xunta.es/fp/fprofesorado.htm>